

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 18 de maio de 2011 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2011-2012 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedica o seu título III a salientar o protagonismo que debe adquirir o profesorado no sistema educativo actual, cunha atención prioritaria á súa formación inicial e permanente, cuxa reforma debe levarse a cabo nos próximos anos no contexto do novo espazo europeo de educación superior e co fin de dar resposta ás necesidades e ás novas demandas que recibe o sistema educativo. Ademais, aborda a mellora das condicións nas que o profesorado realiza o seu traballo, así como o recoñecemento, apoio e valoración social da función docente.

Nesta liña, o artigo 102 determina que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, coa finalidade, entre outras, de recoller a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas. E, por outra parte, o artigo 105, de medidas para o profesorado de centros públicos, dispón no punto 2.d), que a Administración educativa disporá o desenvolvemento de licenzas retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que establezan, coa finalidade de estimular a realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo.

Ademais da formación anual programada a través de actividades curtas e puntuais para o profesorado, considérase conveniente ofertar esta modalidade formativa de máis longa duración. Neste momento, onde as novas tecnoloxías acadan unha importante presenza e gozan de gran proxección no eido docente, a Administración pretende involucrar ao profesorado na realización de proxectos de investigación, elaborando materiais didácticos, que lles permita afondar nesta vertente do seu labor profesional e, ao tempo, que acheguen o seu coñecemento e experiencia ao conxunto da comunidade educativa; e, por outra parte, en resposta á grande importancia e á demanda do seu coñecemento, abórdase a potenciación da formación do profesorado nas linguas estranxeiras no exterior.

Por todo o exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e destinatarios.*

1. Convócanse licenzas retribuídas para o curso 2011-2012 dirixidas ao persoal docente de carreira que pertenza aos corpos que imparten ensinanzas das establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, destinado actualmente e durante o próximo curso 2011-2012 en centros educativos públicos, en equipos de orientación específicos e nos servizos

provinciais de Inspección Educativa dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a distribución do anexo I desta orde.

Convócanse, así mesmo, licenzas por estudos sen retribución –modalidade 0–, para o mesmo persoal do punto primeiro, que poderán ser concedidas por períodos de seis ou de doce meses ininterrompidos. As persoas solicitantes desta modalidade deberán reunir os requisitos xerais establecidos no artigo 3 desta orde, salvo os puntos 4, 5 e 6, e deberán ter transcorridos tres cursos académicos desde o desfrute da última licenza que lle fora concedida na mesma modalidade, todo isto supeditado ás necesidades de servizo.

Artigo 2º. Modalidades de licenzas retribuídas.

1. Convócanse licenzas retribuídas para tres modalidades:

Modalidade 1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais:

Terán unha duración trimestral, centraranse en traballos de creación de materiais dixitais que desenvolvan contidos curriculares dalgunha materia dos cursos do Terceiro Ciclo de Primaria ou de 1º e 2º de Educación Secundaria. A presentación do proxecto seguirá o establecido no anexo IV.

Modalidade 2. Grupo de traballo de dous membros para a creación de materiais curriculares dixitais:

Terán unha de duración trimestral, centraranse en traballos de creación de materiais dixitais que desenvolvan contidos curriculares dalgunha materia dos cursos do Terceiro Ciclo de Primaria ou de 1º e 2º de Educación Secundaria. A presentación do proxecto seguirá o establecido no anexo IV.

Modalidade 3. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior:

Terá unha duración de dous meses, está dirixida ao profesorado non especialista de ensino primario e secundario que acredite o nivel B1 en lingua estranxeira do Marco común europeo de referencia para as linguas ou teña coñecemento equivalente acreditable segundo a Orde de 18 febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas polo profesorado. A presentación do proxecto seguirá o establecido no anexo IV. O proxecto centrarase na presentación do plan de perfeccionamento da lingua que se desenvolverá durante o período da licenza. O obxectivo desta modalidade é acadar a cualificación necesaria para promover a creación/continuación do programa de seccións bilingües e/ou de centros plurilingües, segundo o compromiso recollido no anexo V, por tanto valorarase especialmente a posibilidade de acadar a acreditación B2 ao remate da licenza.

Artigo 3. *Requisitos.*

As persoas candidatas ás licenzas, agás as excepcións do artigo 1º, punto 2, deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Estaren en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2009-2010 e 2010-2011, ou en situación de excedencia por coidado de familiares, e no 2011-2012 seguren tendo destino e exercendo docencia directa con alumnado en centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universi-

taria, ou con destino en equipos de orientación específicos ou nos servizos provinciais de Inspección educativa.

2. Ter, como mínimo, dous anos de antigüidade como persoal docente de carreira nos corpos e escalas que se establecen no artigo 1 desta orde. Para estes efectos computaranse os servizos ata o 31 de agosto de 2011.

3. Non estar destinado en comisión de servizos durante o curso académico para o que se solicita a licenza.

4. Obter como mínimo oito puntos na epígrafe 1 do baremo que figura no anexo III a esta convocatoria.

5. Non ter sido beneficiario de licenza por estudos retribuída outorgada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria durante os tres últimos cursos académicos. Para estes efectos computarase este curso 2010-2011.

6. A obtención da licenza é incompatible coa participación simultánea en programas europeos, estadias formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofertadas á marxe desta convocatoria. A persoa solicitante que obteña praza en calquera destas convocatorias, deberá notificalo urxentemente e por escrito a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Artigo 4. *Solicitudes, documentación e prazo de presentación.*

1. As solicitudes presentaranse utilizando o modelo do anexo II. A solicitude será única e para unha soa modalidade. No caso das licenzas non retribuídas –modalidade 0– presentaranse unicamente a solicitude aludida, con indicación do período solicitado.

2. Nas licenzas retribuídas, á solicitude achegaráselle a seguinte documentación:

–Para as modalidades 1 e 3: acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no anexo III desta orde. A modalidade 2, ao ser grupal, queda exenta.

–Para todas as modalidades: proxecto de traballo segundo o contido do anexo IV.

3. No caso das licenzas non retribuídas –modalidade 0– deberán presentar unicamente a solicitude aludida, con indicación do período solicitado.

4. O prazo de presentación será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Realizarase a través do rexistro xeral da Xunta de Galicia, os dos seus departamentos territoriais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sendo imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se o expediente é remitido por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado polo funcionario de correos antes de que se proceda á súa certificación. Todas as persoas participantes deberán presentar relación numerada e asinada da documentación entregada, seguindo a orde que aparece no indicado anexo III. Non serán tidos en conta nin valorados os méritos

e servizos alegados e non xustificados debidamente, nin os que aleguen fóra do prazo ao que se refire o este artigo.

Artigo 5. Comisión de selección.

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

–Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

–Vogais: ata un máximo de catro, con categoría de titular de subdirección xeral, xefatura de servizo ou membro da Inspección Educativa designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

–Secretaría: unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará con voz e sen voto.

Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión, para os efectos dun mellor coñecemento e valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, por medio da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a Inspección Educativa ou as persoas especialistas da consellería.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 2, 3 e 4 do baremo do Anexo III. Ás reunións desta subcomisión poderá asistir unha persoa representante de cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

3. Esta comisión estará incluída na categoría que corresponda para os efectos do previsto no Decreto 144/2008, do 26 de xuño -que modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño-, concretado na Resolución do 20 de xuño de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta, do 19 de xuño de 2008, respecto da actualización do previsto no anexo IV do citado Decreto 144/2001.

Artigo 6. Criterios de selección e puntuación provisional.

1. A comisión seleccionadora procederá á baremación das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos no anexo III.

2. En caso de empate, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.
- b) Maior puntuación no punto 2 do baremo.
- c) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

3. No caso de se produciren vacantes nalgunha das modalidades poderán acumularse as outras. En ningún caso poderá excederse o número total de licenzas retribuídas establecido no anexo I.

4. A puntuación provisional obtida polas persoas candidatas farase pública no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es) na internet, abríndose un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións diante da presidencia da comisión.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior, presentaranse as posibles renuncias á concesión das licenzas, dirixidas á presidencia da mencionada comisión seleccionadora.

Artigo 7. *Resolución definitiva.*

1. Unha vez resoltas as reclamacións, a comisión seleccionadora remitiralle ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución da concesión de licenzas por estudos, xunto coa acta ou actas definitivas nas que se indicarán as valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final de persoas beneficiarias das licenzas. Esta proposta de resolución definitiva publicaráse no portal educativo (www.edu.xunta.es) na internet. Deseguido procederase á publicación da resolución definitiva no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Unha vez resolta esta convocatoria non se admitirán renuncias ás licenzas concedidas, agás casos de excepcional gravidade e libremente apreciados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses desde a data de publicación desta orde.

Artigo 8. *Períodos de duración das licenzas retribuídas.*

1. Nas licenzas trimestrais das modalidades 1 e 2, a duración dos trimestres establécese do seguinte xeito:

a) Para o profesorado de educación infantil e de educación primaria:

–Primeiro trimestre: do 1 de setembro de 2011 ao 30 de novembro de 2011.

–Segundo trimestre: do 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de marzo de 2012.

–Terceiro trimestre: do 1 de abril de 2012 ao 30 de xuño de 2012.

b) Para o profesorado que imparta docencia no ensino secundario, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial:

-Primeiro trimestre: do 30 de setembro de 2011 ao 31 de decembro de 2011.

-Segundo trimestre: do 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de marzo de 2012.

-Terceiro trimestre: do 1 de abril de 2012 ao 30 de xuño de 2012.

No anexo II de solicitude deberase especificar claramente o trimestre que se prefire; de non facelo adxudicaráselle automaticamente o primeiro.

2. Nas licenzas bimensuais da modalidade 3, o período de desfrute da licenza, sempre dentro dos límites que marca a duración do curso académico, escollerao o solicitante e deberá ser continuado.

Artigo 9. *Obrigas dos beneficiarios.*

Ao longo do período de licenzas por estudos, as persoas beneficiarias asumen a obriga de presentar perante o Servizo de Formación do Profesorado da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Para as modalidades 1 e 2 enviarase, do 1 ao 8 do segundo mes no que goce a licenza, un resumo -cun máximo de dúas páxinas- dos puntos do traballo realizado ata esa data e o que resta para rematar.

Unha vez rematada a licenza, no prazo de dous meses, contados desde a súa finalización, e como documentación xustificativa dela, enviarase, segundo a modalidade, a seguinte documentación:

Para as modalidades 1 e 2:

a) Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados preparado para a súa publicación en internet. Para isto último, deberanse seguir as recomendacións sobre creación e estrutura de contidos dixitais dispoñibles no enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es/web/ODEs>

b) Unha «Guía Didáctica» (formato pdf ou rtf) na que se expoñan os obxectivos educativos que se pretenden, os aspectos curriculares nos que se incide, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñen e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

c) Un «Manual de Uso» (formato pdf ou rtf) no que se expliquen, con linguaxe apropiada para o nivel do alumnado, as pautas de utilización do material. Cando, por razóns especiais, non se xulgue necesario este documento, deberase razoar a decisión nun documento específico de igual título.

d) Unha declaración xurada ou promesa (de cada un dos membros do equipo ou do representante da entidade) de posuír, como autores, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados e de que estes non se encontran comercializados. A autoría deberá aparecer expresada na portada do traballo obxecto da licenza.

e) No caso de que se inclúan imaxes de menores, en aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, achegaranse as correspondentes autorizacións dos pais, nais ou titulares legais destes, en soporte papel e en soporte electrónico (pdf), debidamente cumpridas e asinadas.

f) Un documento técnico en galego e castelán (formato pdf ou rtf) onde se especifiquen os pasos a seguir para a instalación e os parámetros de configuración e execución da aplicación desde internet e no servidor cliente.

g) Poderanse incluír outros materiais complementarios que os autores consideren de interese.

2. Para a modalidade 3: unha certificación orixinal ou unha fotocopia compulsada expedida polo centro ou institución onde realizou o perfeccionamento na lingua estranxeira, con expresión da duración en horas da formación recibida e as competencias acadadas de acordo coas establecidas no Marco común europeo de referencia para as linguas, así como unha tradución da dita certificación.

Artigo 10. *Situación administrativa das persoas beneficiarias.*

Durante o tempo de duración dunha licenza os docentes seleccionados recibirán os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias, agás no caso das licenzas non retribuídas. As persoas beneficiarias dunha licenza consideraranse, para todos os efectos, en situación de servizo activo.

Artigo 11. *Incompatibilidades.*

A concesión de licenzas con retribución implicará a incompatibilidade con calquera outra actividade remunerada pública ou privada.

Artigo 12. *Responsabilidades por incumprimento.*

O incumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revocación da licenza ou á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 13. *Seguimento.*

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa efectuará o adecuado seguimento e control dos estudos e traballos que se realicen durante o período da licenza, e poderá solicitar directamente, a través de entrevista, ou por medio da Inspección Educativa, información sobre o traballo realizado e sobre o que queda pendente, de tal xeito que o non cumprimento do establecido no proxecto inicial poida dar lugar á revocación da licenza.

Artigo 14. *Propiedade dos materiais.*

Con independencia do recoñecemento da súa autoría, os materiais realizados serán propiedade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se reserva o de-

reito de reprodución, distribución, comunicación pública, así como a súa posible modificación por outros docentes para a súa ampliación e mellora.

As persoas autoras para poder difundir pola súa conta os devanditos traballos deberán solicitar e contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, facendo constar na correspondente difusión que o traballo foi realizado durante unha licenza retribuída pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 15. *Retirada de documentación.*

As persoas interesadas, ou persoas nas que deleguen, disporán dun prazo de tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva no Diario Oficial de Galicia para poder retirar a documentación perante a presidencia da Comisión. Unha vez transcorrido dito prazo, entenderase que renuncian a súa devolución.

Artigo 16. *Réxime dos recursos.*

Contra esta orde as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira primeira.

Autorízase á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Distribución das licenzas por estudos retribuídas que se convocan para o curso 2011-2012 segundo as diferentes modalidades:

Modalidades	Prazas
1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais (trimestral)	160
2. Grupo de traballo de dous membros para a creación de materiais curriculares dixitais: (trimestral)	30
3. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior (bimensual)	154
Totais	344



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE LICENZA POR ESTUDOS, CURSO 2011-2012	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED305B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
NIF	TELÉFONO (PREFERIBLEMENTE MÓVIL)	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA

DATOS PROFESIONAIS

DISCIPLINA, MATERIA, ÁREA	NRP
CÓDIGO DO CENTRO (8 DÍXITOS)	TELÉFONO
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO DA PERSOA SOLICITANTE	
@edu.xunta.es	

LICENZA POR ESTUDIOS QUE SOLICITA

<input type="checkbox"/> A) Sen retribución: Modalidade 0 <i>Período solicitado:</i> <input type="text"/> <input type="checkbox"/> B) Retribuída na modalidade que se sinala: <input type="checkbox"/> 1. Proxectos para elaboración de materiais dixitais (trimestral). <input type="checkbox"/> 2. Grupos de traballo para elaboración de materiais dixitais (trimestral). <input type="checkbox"/> 3. Perfeccionamento de linguas estranxeiras no exterior (bimensual). <i>Sínalese cun (X) a que solicita</i>	<p>CORPO OU ESCALA DO SOLICITANTE</p> <input type="checkbox"/> Mestres. <input type="checkbox"/> Profesores de ensino secundario. <input type="checkbox"/> Catedráticos de ensino secundario. <input type="checkbox"/> Profesores técnicos de formación profesional. <input type="checkbox"/> Mestres de taller de artes plásticas e deseño. <input type="checkbox"/> Profesores de artes plásticas e deseño. <input type="checkbox"/> Catedráticos de artes plásticas e deseño. <input type="checkbox"/> Catedráticos de música e artes escénicas. <input type="checkbox"/> Profesores de música e artes escénicas. <input type="checkbox"/> Profesores de escolas oficiais de idiomas. <input type="checkbox"/> Catedráticos das escolas oficiais de idiomas. <input type="checkbox"/> Corpos e escalas docentes declaradas para extinguir. <input type="checkbox"/> Inspectores de educación e inspectores ao servizo da Administración educativa. <i>Sínalese cun (X) o que proceda</i>
---	---

¿Solicitou comisión de servizos para o curso 2011-2012? SI NON

¿É beneficiario/a doutra axuda ou de bolsa outorgada por organismo oficial para realizar o proxecto de estudos ou traballo? SI NON

¿Gozou con anterioridade dunha licenza por estudos outorgada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria? NON SI Ano

Período para o que solicita a licenza por estudos retribuída: do ao

No caso dos funcionarios do corpo de inspectores de educación, indicárase a materia ou área correspondente ao seu exercicio como docente. No lugar do centro indicarán o servizo de destino e a sede.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 18 de maio de 2011 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2011-2012 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.</i></p> <hr/> <p>SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA</p> <p>Lugar e data</p> <p>de de 201</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>____/____/____</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE			REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		____/____/____		DATA DE EFECTOS		____/____/____		DATA DE SAÍDA		____/____/____
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA																
	____/____/____																
	DATA DE EFECTOS																
	____/____/____																
	DATA DE SAÍDA																
	____/____/____																

Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa, Edf. Adm. San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela.



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO III

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos Máximo	Documentos
1.-Proxecto de traballo. (Será necesario acadar un mínimo de 8 puntos).		20	O solicitado para cada modalidade no anexo IV
2.-Méritos docentes: 2.1.Servizos docentes. Por cada ano de servizos na función pública docente (non se computarán os exixidos como requisito):	1 punto por ano completo	Por este subepígrafe ata 10 puntos	
3.-Actividades de formación permanente do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas			
3.1. Docencia en actividades de formación do profesorado Nota.-Para os títulos de prácticas de mestres, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,15 puntos por cada ano	Por cada 10 horas 0.05 puntos	2	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas.
3.2. Coordinación e/ou asistencia a actividades de formación do profesorado	Por cada 10 horas 0.05 puntos	4	
4.-Méritos académicos non exixidos para o ingreso no corpo:			Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos, se é o caso.
4.1.Título de doutor	1,50 puntos	4	
4.2.Licenciatura ou equivalente:	1 puntos		
4.3. Diplomatura ou equivalente	0,5 puntos		
4.4. Por cada ciclo formativo ou grao de ensinanza de réxime especial. ou formación profesional	0,25 puntos		
4.5 Outros estudos de posgrao (DEA ou equivalente, títulos propios da universidade, mestrados, etc.):	0,25 puntos		

ANEXO IV

Esquema dos contidos dos proxectos de licenzas por estudos e documentación complementaria.

Modalidades 1 e 2. Proxectos e grupos de traballo:

1. Presentarase unha proposta sobre o traballo que se vaia realizar durante o período da licenza no que se concretará, de xeito especial, como serán levadas a cabo as fases de posta en práctica e avaliación.

Nesta proposta, que deberá ser tanto de carácter organizativo como curricular, farase constar:

a) Título do proxecto.

b) Participante/s. Datos persoais e profesionais.

c) Materia ou materias e cursos ao que se dirixe e ámbito ou ámbitos no que se desenvolverá dentro da modalidade.

d) Breve descripción do contido do proxecto. Os materiais terán estrutura modular organizada en obxectos de aprendizaxe segundo o estándar LOM-ES. Indicarase o número de obxectos de aprendizaxe(OA), e/ou secuencias de aprendizaxe (segundo os estándares LOM V).

e) Relación de contidos curriculares que se van desenvolver.

f) Descrición do soporte e ferramentas que se utilizarán para presentar o material elaborado e o uso didáctico que se pretende das TIC.

g) Organización da execución do proxecto e calendario de realización.

h) Un exemplo desenvolvido que permita valorar o material que se vai elaborar. Este exemplo constará de dúas partes:

1. O material para o alumnado.

2. Orientacións didácticas ligadas ao material do alumnado.

i) Mención explícita á relación co traballo de aula ou coa organización do centro, se é o caso.

2 Requisitos e características dos materiais dixitais:

Todos os materiais cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na Lei 34/2002, do 11 de xullo (disposición adicional quinta, punto un), modificada por Lei 56/2007, do 28 de decembro, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas en internet.

Características dos materiais dixitais:

–Multimedia, interactividade, accesibilidade, flexibilidade, modularidade, adaptabilidade e rexeitabilidade, interoperabilidade e portabilidade. Os materiais presentados non poderán incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.

–Presentarase en soporte dixital (CD, DVD, etc.) correctamente etiquetado.

–O material incluírá todas as páxinas e os arquivos necesarios para a correcta execución da súa interactividade, tanto se se executa esta en modo servidor como se se trata de módulos ou aplicacións que actúan en modo cliente.

–Os materiais estarán realizados con tecnoloxía que permita a súa visualización cun navegador estándar sobre distintos sistemas operativos, libres e propietarios, e poderán ser executados en local.

–O material creado publicarase baixo a licenza CREATIVE COMMONS que combine as seguintes propiedades: recoñecemento –non comercial– compartir igual.

3. Os traballos ou investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas, xuntarán certificado de conformidade da dirección do/s centro/s co visto e prace da Inspección educativa ou autorización das persoas responsables das institucións, se é o caso.

4. O proxecto terá unha extensión máxima de 20 páxinas en papel tamaño DIN-A4, a dobre espazo e con letra tipo Arial ou Times New Roman de 12 puntos.

Deberase especificar claramente o trimestre que se prefire; de non facelo, adxudicáraselle automaticamente o primeiro.

Modalidade 3. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.

Deberase presentar a documentación seguinte:

1. Certificación acreditativa de estar en posesión do nivel B1 en lingua estranxeira do Marco común europeo de referencia para as linguas.

2. O anexo V da orde debidamente cuberto e asinado.

3. O proxecto consistirá na exposición do plan de perfeccionamento que pretende acometer en base á lingua estranxeira que vai perfeccionar, con expresión de, polo menos:

a) País onde se levará a cabo. Enténdese que o país escollido deberá ter como lingua oficial aquela que perfeccionará o solicitante.

b) Centro ou institución onde recibirá a formación, achegando os datos identificativos.

c) Denominación da formación que vai recibir, nivel académico e a súa duración expresada en días e cómputo total de horas.

d) Calquera outros aspectos que se consideren salientables para unha mellor valoración do plan de formación en linguas estranxeiras.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO V

COMPROMISO DE PROMOCIÓN DE SECCIÓNS BILINGÜES
E/OU DO PROGRAMA DE CENTROS PLURILINGÜES

De ser seleccionado/a nesta convocatoria, eu ,

con NIF , mediante esta sinatura, comprométo-me a promover a creación/continuación de programa de seccións bilingües e/ou de centros plurilingües no meu centro de destino e a impartir a miña materia na lingua correspondente.

, de de 201



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>